

Colexio Oficial de
Psicólogos de Galicia

MEMORIA 2006






MEMORIA 2006



MEMORIA 2006



Colegio Oficial de
Psicólogos de Galicia



PRESENTACIÓN

Tés nas túas mans a Memoria do COPG correspondente ao ano 2006. Foi este un ano intenso de actividade colexial e proxección pública do noso Colexio.

O incremento de profesionais colexiados e colexiadas foi salientable... Medrou a participación na dinámica organizativa do Colexio: en seccións, grupos de traballo e comisións.

Abríronse novas áreas de actividade colexial coa creación da Vogalía de Actividade Privada, da Comisión de Cultura e do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade. Potenciouse a actividade intersectorial, intensificando a dinámica de traballo das Comisións Intersectoriais de Mediación, Inmigración e Xénero.

Notable foi tamén o incremento das relacións coa Administración Autonómica, atendendo ás solicitudes dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, que demandaron asesoramento e cooperación do Colexio para a definición de obxectivos e o desenvolvemento de programas. Ademais, fíxose un esforzo por estreitar as relacións con organizacións e asociacións coas que compartimos obxectivos e intereses científicos e profesionais. Como consecuencia, a proxección do COPG ten mellorado recoñecéndose a súa capacidade organizativa e de intervención social, ao tempo que a nosa profesión é cada día máis recoñecida e valorada.

Caben destacar as relacións coa Facultade de Psicoloxía (USC) coas que, un ano máis, pretendemos conciliar formación académica e práctica profesional.

Igualmente ocorre co Consejo General de COP, no que se mantivo unha grande implicación, tanto nos seus órganos de goberno como nas distintas áreas de traballo.

A conformación dunha nova Xunta de Goberno para os vindeiros catro anos foi a culminación dun proceso de normalidade democrática, no que concorreron 2 candidaturas, e do que saíu reforzada a organización colexial. Tamén se celebraron eleccións nas Seccións de Clínica e Educativa, resultando electas en cada un dos casos as candidaturas únicas presentadas.

En canto ao Balance Económico deste exercicio, destacar que, apesares do incremento da actividade colexial –que conleva unha xestión máis complexa e diversa–, este foi positivo.

A actividade e proxección da organización colexial é cada vez maior, e por iso, tamén é máis necesaria a participación e compromiso colectivo, para que sexa sólida a súa vertebración e influencia social. A experiencia móstranos que dignificación e penetración social da Psicoloxía pasa necesariamente pola existencia dun Colexio Profesional forte e dinámico.

Non esquecemos o traballo desinteresado de todas e tódolos colexiados e colexiadas, porque só a participación fai do COPG unha organización operativa. Especialmente queremos agradecer o traballo realizado pola anterior Xunta de Goberno, que é responsable de parte desta memoria e de deixar nas nosas mans o testemuño do ben facer e moitos proxectos de futuro.

A Xunta de Goberno.





ÍNDICE

1. Estado da colexiación.....	9
2. Órganos de xestión.....	10
Xunta Xeral	
Xunta de Goberno	
3. Comisión Deontolóxica.....	12
4. Seccións.....	14
Sección de Psicoloxía Clínica.....	14
Sección de Psicoloxía Educativa.....	17
Sección de Psicoloxía Xurídica.....	18
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.....	19
Sección de Psicoloxía da Intervención Social.....	20
5. Comisións.....	21
Comisión Intersectorial de Mediación.....	21
Comisión Intersectorial sobre Inmigración.....	22
Comisión Intersectorial de Xénero.....	23
Comisión de Psicoloxía do Deporte.....	25
6. Grupos de Traballo.....	26
GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en	
Catástrofes e Emerxencias.....	26
Grupo de Tráfico e Seguridade.....	28
Grupo de Traballo dos CIMS.....	29
7. Programas de atención psicolóxica.....	30
Programa «Abrámo-lo Círculo».....	30
Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres	
Vítimas de Violencia Doméstica.....	31
8. Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense.....	32
9. Beca Siota de Investigación en Psicoloxía.....	33
10. Representación Colexial nos Consellos.....	34
11. En representación do COPG.....	36
12. Relacións e Colaboracións Institucionais.....	39
13. O COPG e o Consejo General de COP.....	44
14. Publicacións.....	47
15. Medios de comunicación.....	48
16. Servizos colexiais.....	49
17. Balances económicos.....	51





1. ESTADO DA COLEXIACIÓN

ESTADO DA COLEXIACIÓN A 31/12/2006

Altas	164
Última promoción	62
Outras promocións	94
Reincorporacións	4
Traslados	4

Baixas	73
Voluntarias	45
Por falta de pagamento de cotas	18
Traslados	9
Defuncións	1

Colexiados e colexiadas inscritos nas

Seccións Profesionais do COPG

Sección de Psicoloxía Clínica	246
Sección de Psicoloxía Educativa	81
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	61
Sección de Psicoloxía Xurídica	94
Sección de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	57

Total colexiados e colexiadas
a 31/12/2006

1.932

2. ÓRGANOS DE XESTIÓN



XUNTA XERAL

A Xunta Xeral de Colexiadas/os é o órgano supremo de decisión do Colexio, e está constituída por tódolos/as colexiados/as.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 1 de xuño 2006. Reunión ordinaria.
- 12 de decembro de 2006. Reunión ordinaria.

XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.

Ata o 1 de xuño de 2006

Decana:

M^a Teresa Hermida Pérez

Vicedecano:

Hipólito Puente Carracedo

Secretaria:

M^a Rosa Álvarez Prada

Vicesecretario:

Xavier Sardiña Agra

Tesoureiro:

Miguel Ángel Chouza Ponte

Vocais:

Xosé Lois Cea Nogueira

Juan Manuel Daponte Codina

José Luis Domínguez Rey

Laura Fuentes López

Antonio González Fernández

M^a Concepción Prado Álvarez

José Ortuño Vilurbina

(ata 14/03/2006)

Ata esta data celebráronse un total de 3 Xuntas de Goberno ordinarias para a dirección e xestión da actividade colexial.

A Xunta de Goberno do COPG, con data 10 de febreiro de 2006, acordou convocar eleccións, celebradas o 10 de maio, coa concorrencia de dúas candidaturas. O proceso culminou coa proclamación definitiva de resultados o 20 de maio, efectuada pola Comisión Electoral.





O día 1 de xuño de 2006 tivo lugar a xuntanza para o traspaso de competencias da Xunta de Goberno saínte á Xunta de Goberno entrante, na que participaron:

Pola Xunta de Goberno saínte:

M^a Teresa Hermida Pérez, Decana
Xavier Sardiña Agra, Vicesecretario
Laura Fuentes López, Vocal

Pola Xunta de Goberno entrante:

M^a Rosa Álvarez Prada, Decana
Ana M^a Fieira Nogareda, Secretaria
Miguel A. Chouza Ponte, Tesoureiro
Eva Muíño Gómez, Vocal

A partires do 1 de xuño de 2006

Decana:

M^a Rosa Álvarez Prada

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Inmigración /

Responsable da Páxina Web:

Hipólito Puente Carracedo

Secretaria:

Ana M^a Fieira Nogareda

Vicesecretaria / Responsable de Emprego:

M^a Concepción Prado Álvarez

Tesoureiro:

Miguel Ángel Chouza Ponte

Vocal / Vocalía de Dinámica Sociocultural de Carácter Multidisciplinario:

Xosé Lois Cea Nogueira

Vocal / Coordinador da Comisión

Intersectorial de Mediación:

Juan Manuel Daponte Codina

Vocal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop:

José Luis Domínguez Rey

Vocal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero:

Concepción Fernández Fernández

Vocal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade:

Eva Muíño Gómez

Vocal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión Deontolóxica:

Antonio González Fernández

Vocal / Vocalía de Actividade Profesional Privada:

Concepción Rodríguez Pérez

Vocal / Vocalía de Formación:

Víctor Manuel Torrado Oubiña

Celebráronse un total de 3 Xuntas de Goberno ordinarias e 1 extraordinaria e 3 Comisións Permanentes para a dirección e xestión da actividade colexial.



3. COMISIÓN DEONTOLÓXICA

A Comisión Deontolóxica está formada polo Presidente, a Secretaria e tres vocais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados pola Xunta Xeral a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión Deontolóxica dispón de total independencia e facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DEONTOLÓXICA

Presidente:

Elixio A. Domarco Álvarez

Secretaria:

M José Toba Santabaya

Vocais:

Francisco Blanco Romero

Santiago Lago Canzobre (ata o 12 de decembro de 2006)

Mª José Ramil Fraga

Marta Rivas Rodríguez (a partires do 12 de decembro de 2006)

Coordinación coa Xunta de Goberno:

Laura Fuentes López (ata o 1 de xuño de 2006)

Antonio González Fernández (a partires do 16 de xuño de 2006)

ACTIVIDADES

- Abríronse seis expedientes ao longo deste ano, dos cales: 2 arquiváronse, 2 admitíronse a trámite e 2 están en proceso de valoración.
- Recibíronse e atendéronse trece consultas sobre deontoloxía profesional formuladas polos colexiados/as.
- A Comisión Deontolóxica constituíuse como Comisión Electoral nos procesos electorais á Xunta de Goberno do COPG, á directiva da Sección de Psicoloxía Clínica e á directiva da Sección de Psicoloxía Educativa.
- A Comisión Electoral, formada polo Presidente da Comisión Deontolóxica, Elixio Domarco Álvarez; a Secretaria, M^a José Toba Santabaya, e como Vocal, Santiago Lago Canzobre, efectuaron 10 reunións.
- O Presidente da Comisión Deontolóxica, Elixio Domarco Álvarez, asistiu:
 - Á conferencia impartida por Carmen del Río, vocal da Comisión Deontolóxica Estatal do Consejo General de COP, celebrada na Facultade de Psicoloxía da USC no mes de febreiro.
 - Ao Seminario de Ética e Deontoloxía e a unha reunión da Coordinadora Estatal de Presidentes das Comisións Deontolóxicas para planificar a elaboración do novo Código Deontolóxico na súa adaptación ao metacódigo europeo elaborado pola Federación Europea de Asociacións de Psicólogos (EFFPA), no mes de maio en Sevilla.
 - Á reunión da Coordinadora Estatal de Presidentes das Comisións Deontolóxicas para elaborar o novo Código Deontolóxico, definir as funcións da Coordinadora e a súa relación co COP e homologar os procedementos das Comisións Deontolóxicas do Estado, no mes de outubro en Barcelona.

REUNIÓN

Celebráronse cinco reunións:

- 23 de febreiro
- 6 de abril
- 15 de xuño
- 18 de setembro
- 29 de novembro



4. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia dispón de 5 Seccións Profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas integradas/os nun ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

4.1 SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 14 de febreiro
- 18 de abril
- 13 de xuño
- 18 de xullo
- 12 de setembro
- 10 outubro
- 7 novembro
- 19 de decembro
- 17 de novembro, Asemblea de Socias/os

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

(Ata o 22 de novembro de 2006)

Mercedes Castro Bal
Presidenta

M^a del Pilar Milán Cerqueiro
Vicepresidenta

Modesto Vázquez Pereira
Tesoureiro

Xavier Sardiña Agra
Secretario

Manuel Castro Bouzas
Irene Esperón Rodríguez
Dolores González Cabaleiro
Delia Guitián Rodríguez
Begoña Llamas Méndez
Vocais

Rematado o período de mandato, a Xunta Directiva convocou proceso electivo, que culminou o 22 de novembro coa proclamación definitiva dunha nova Xunta Directiva.

(A partires do 22 de novembro de 2006)

Mercedes Castro Bal
Presidenta

M^a del Pilar Milán Cerqueiro
Vicepresidenta

Manuel Castro Bouzas
Tesoureiro

Xavier Sardiña Agra
Secretario

Yolanda Castro Casanova
Rosa Cerqueiro Landín
Dolores González Cabaleiro
José Javier González Hermida
Delia Guitián Rodríguez
Vocais



ACTIVIDADES

a) Cursos de formación:

- «O tratamento do trauma psicolóxico» **Datas:** 3, 4, 17, 18, 31 de marzo e 1 de abril / **Docente:** Mario Salvador Fernández
- «Abordaxe do trastorno límite de personalidade: da teoría á práctica» **Datas:** 26 e 27 de maio / **Docente:** Dolores Mosquera Barral
- «Tratamento cognitivo-conductual do trastorno pánico-agorafobia» **Datas:** 29 e 30 de setembro / **Docente:** Juan Sevilla Gascó

b) Xornadas da Sección:

- XI Xornada da Sección de Psicoloxía Clínica co título de «Fibromialxia: a invalidez invisible»
Data: 17 de novembro / **Lugar:** Hospital Provincial de Pontevedra
Comité Organizador: Estrella González Gómez, Presidenta; Irene Esperón Rodríguez, Vocal / **Comité Científico:** Alejandro Torres Carbajo, Presidente; M^a José Veiga Candán, Vocal

c) Seminario de Casos Clínicos

- Seminario «A rehabilitación psicosocial dende a perspectiva comunitaria»
Data: 25 de marzo / **Relatora:** Elisa Sapia Rodríguez
Coordinadora: Delia Guitián Rodríguez



- Seminario «A violencia na dinámica relacional nun sistema familiar»

Data: 3 de xuño

Relator: Manuel Lopo Lago / **Coordinador:** Xavier Sardiña Agra

- Seminario «Análise de casos na atención temperá»

Data: 7 de outubro

Relator: Manuel Castro Bouzas / **Coordinador:** Manuel Castro Bouzas

d) Anuario Psicoloxía Clínica:

- A Xunta Directiva nomeou en abril do 2006 un novo Comité de Redacción composto por: Gonzalo Martínez Sande, Director; Rosa Cerqueiro Landín, Marisol Filgueira Bouza, Delia Guitián Rodríguez, Manuel Santiago Lopo Lago, José Antonio Muñiz Torrado, Rosa Rey Pousada, José Luís Rodríguez-Arias Palomo



e) Grupos de traballo:

■ Grupo de traballo de condutas aditivas:

M^a José Pérez Vázquez, Coordinadora / Manuel Araújo Gallego / Lorena Casete Fernández / Susana Fernández Pernas / Manuel Isorna Folgar / M^a Teresa López Lage / Maximino Portela Freire / Avelina Senra Comesaña / José Ignacio Vázquez Rodríguez.

Organización da parte correspondente as adicións, cara o próximo Congreso de Psicoloxía Clínica que vai organizar esta Sección do COPG.

Organización do Curso «Programa sobre prevención e tratamento de drogodependencias con menores e novos», subvencionado polo Plan Nacional sobre Drogas.

- **Grupo de traballo dos titores dos facultativos especialistas en formación en psicoloxía clínica:** Santiago Lago Canzobre, Coordinador / Mercedes Castro Bal / Miguel Anxo García Álvarez / M^a Carmen Martínez Sánchez / Gonzalo Martínez Sande / Julia Amalia Rodríguez Suárez.

Análise da situación do PIR en Galicia. Detección das necesidades e posibilidades de desenvolvemento.

Posibilidades e dificultades da implementación do programa de 4 anos da formación PIR.

Organización dunha xornada de traballo para os titores e supervisores das áreas sanitarias galegas.

- **Grupo de traballo / comisión organizadora do congreso galego de psicoloxía clínica:** Miguel Anxo García Álvarez, Presidente / Xavier Sardiña Agra, Secretario / Manuel Castro Bouzas / Manuel Lopo Lago / M^a Pilar Millán Cerqueiro

f) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG

de Mediación, Inmigración e Xénero.

4.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

(Ata o 26 de decembro de 2006)

Presidenta:
Olegaria Mosqueda Bueno
Vicepresidente:
José Manuel Pazos Riveiro
Secretaria:
María Moya Casares
Tesoureiro:
José Carlos Cardama Barrientos
Vocais:
Alfredo Fornos Pérez
M^a Jesús García Janeiro
Onésimo Juncos Rabadán
Concepción Pazo Ferreiro

(A partires do 26 de decembro de 2006)

Presidenta:
Olegaria Mosqueda Bueno
Vicepresidente:
José Manuel Pazos Riveiro
Secretaria:
María Moya Casares
Tesoureiro:
José Carlos Cardama Barrientos
Vocal:
Alfredo Fornos Pérez
M^a Jesús García Janeiro
Onésimo Juncos Rabadán
M^a Concepción Pazo Ferreiro

Rematado o período de mandato, a Xunta Directiva convocou proceso electivo, que culminou o 26 de decembro coa proclamación definitiva dunha nova Xunta Directiva.

ACTIVIDADES

a) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG de Mediación, Inmigración e Xénero.

b) Participación en xornadas e conferencias.

- Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección, participou nunha xornada de Formación Extraescolar de Galicia en Santiago sobre «Actividades extraescolares». Tamén en FESAN con unha conferencia sobre «Familia: conflito-mediación-violencia» en Santiago.
- José Manuel Pazos Riveiro, Vicepresidente da Sección, participou nas Xornadas do Síndrome de Asperxer na Coruña.


c) Medios de comunicación:

- Varios membros da xunta directiva da sección participaron en programas de radio e concederon entrevistas a prensa escrita sobre temas puntuais de actualidade.

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 18 de xaneiro
- 5 de abril
- 10 de maio
- 15 de xuño
- 20 de setembro
- 23 de novembro
- 21 de decembro, Asemblea de Socios/as



4.3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 18 de marzo
 - 17 de xuño
 - 2 de setembro
 - 6 de setembro
 - 4 de outubro
 - 18 de novembro
- Asemblea de Socias/os

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Presidente:

Ramón Arce Fernández

Vicepresidente:

Juan L. Basanta Dopico

Secretaria:

M^a Jesús Rodríguez Rodríguez

Tesoureira:

Luisa M^a Blanco Caramés

Vocais:

Francisca Fariña Rivera

Mercedes Novo Pérez

M^a Avelina Piñeiro Salorio

M^a Rosario Pousa Torres

Antonia San Martín García

ACTIVIDADES

- **Xornada Anual da Sección de Psicoloxía Xurídica:** «Novos Retos no Marco Actual Profesional da Psicoloxía Xurídica en Galicia»
Data: 18 de novembro / **Lugar:** Facultade de Psicoloxía da USC
- «Encontro de Profesionais da Psicoloxía Xurídica en Torno ó Síndrome de Alienación Paternal» **Data:** 6 de maio / **Ponente:** Asunción Tejedor Huerta
- Participación na elaboración do **Regulamento dos Listados de Periciais.**
- **Participación nas Comisións Intersectoriais** do COPG de Mediación, Inmigración e Xénero.



4.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 24 de outubro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Coordinador
José Luis Domínguez Rey
Carmen Ariza Tejeda
José Manuel Campal Fernández
Juan Carlos Maneiro Otero
José Ortuño Vilurbina
M^a Concepción Prado Álvarez

ACTIVIDADES

a) Sesións Informativas sobre Psicoloxía do Traballo

Coordinador: José Luis Domínguez Rey
Lugar: Facultade de Psicoloxía. USC

- «Empresas e persoas: A xestión de RR.HH. na área de consultoría»
Data: 15 de novembro / **Ponente:** Santiago Medín Díaz, Responsable de Selección de Persoal. Ges Consultores e Analistas.
- «Facilitando cambios desde un departamento de RR.HH.»
Data: 22 de novembro / **Ponente:** Ana Álvarez Enríquez, Xerente de RR.HH. Coremain.
- «Administración pública e entorno social: Funcións do/a psicólogo/a na estrutura dos servizos sociais»
Data: 28 de novembro / **Ponente:** Emilio Lesta Casal, Director de Centros e Programas de Servizos Sociais. Concello da Coruña.

b) Documentación elaborada:

Documentos informativos:

- Reforma Laboral 2006 Real Decreto Lei 5/2006, para a mellora do crecemento e do emprego. Setembro 2006.
- Regulamento dos estudos oficiais de posgrao. Universidade de Santiago. Setembro 2006.
- Master en Psicoloxía do traballo e as organizacións e en recursos humanos. Decembro 2006.
- Dossier nº 40. Regulamento de Servizos de Prevención. Decembro 2006.

c) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG de Mediación, Inmigración e Xénero.

4.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INVERVENCIÓN SOCIAL

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 9 de xaneiro
 - 6 de maio
 - 14 de setembro
 - 2 de decembro
- Asemblea de Socios/as

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Presidenta:

Encarna Álvarez Gallego

Vicepresidenta:

Elvira Cerdeiría Vázquez

Secretario:

David Facal Mayo

Tesoureira:

M^a José Fares Varela

Vocais:

Aránzazu Balo García

Anxo Fernández González

Isabel González-Abraldes Iglesias

M^a Jesús López Cernadas

Silvia Rocha Acuña



ACTIVIDADES

- a) **Xornadas da Sección** «Abordaxe psicolóxico con persoas dependentes menores e adultas» **Data:** 2 de decembro / **Lugar:** Sede do COPG.
- b) **Seminario** «O profesional da psicoloxía nos Centros Residenciais» **Data:** 25 de marzo / **Lugar:** Residencia do Maior en Ribeira.
- c) **Edición** do tríptico sobre «Funcións do profesional da Psicoloxía nos servizos a persoas maiores». Enviado ás entidades públicas e privadas.
- d) **Comunicación** «Eidos dos profesionais da psicoloxía no ámbito dos maiores. A busca de funcións e habilidades», presentada no XVI Congreso da Sociedade Galega de Xerontoloxía. Ourense 16, 17 e 18 de novembro.
- e) **Asistencia da Presidenta da Sección**, Encarna Álvarez Gallego, á reunión organizada polo Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid e participación na Xornada do IMSERSO sobre «Aportacións de la Psicología para la promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia». Madrid 17 de outubro.
- f) **Participación nas Comisións Intersectoriais** do COPG de Mediación, Inmigración e Xénero.

5. COMISIÓNS

5.1. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN

REUNIÓN: 2

Coordinador:

Juan M. Daponte Codina

Clínica:

Áurea Losada Quintairos

Educativa:

María Moya Casares

Intervención Social:

Mª Jesús López Cernadas

PTO:

José Luis Domínguez Rey


Xurídica:

Luisa Mª Blanco Caramés

ACTIVIDADES

a) Cursos

- Realización do curso en coordinación coa Comisión Intersectorial de Inmigración, «A Mediación Intercultural no Ámbito Socio-Educativo»
Datas: 10 e 11 de marzo / **Docente:** Joan Sala Baiget



5.2. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE INMIGRACIÓN

REUNIÓN

- 21 de febreiro
- 29 de marzo
- 20 de xuño
- 10 de outubro
- 28 de novembro

Coordinador:
Hipólito Puente Carracedo

Clínica:
Mercedes Castro Bal

Intervención Social:
Mª Jesús López Cernadas

Educativa:
José Manuel Pazos Riveiro

PTO:
Mª Concepción Prado Álvarez

Xurídica:
Mª Jesús Rodríguez Rodríguez

ACTIVIDADES

- a) Reestruturación da información para a páxina web.
- b) Presentación coas institucións e asociacións que están a traballar con inmigrantes.
- c) Elaboración dunha enquisa na que se recollen os aspectos máis salientables de identificación, características xeográficas ou étnicas nas que centran o traballo as entidades de inmigrantes.
- d) Creación dun enderezo de correo electrónico para a Comisión: migracion@correo.cop.es



5.3. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

(Ata o 16 de xuño de 2006)

Coordinadora:

M^a Rosa Álvarez Prada

Clínica:

Mercedes Castro Bal

Educativa:

Olegaria Mosqueda Bueno

Intervención Social:

Encarna Álvarez Gallego

PTO:

José Luis Domínguez Rey

Xurídica:

Mercedes Novo Pérez

Coordinadora Comisión CIM:

Margarita de la Calle Bermejo

Coordinador Programa

Abrámo-lo Círculo:

Víctor M. Torrado Oubiña

Coordinador P.A.P.M.V.V.D.:

Manuel Lopo Lago

(A partires do 16 de xuño de 2006)

Coordinadora:

Concepción Fernández Fernández

Clínica:

Rosa Cerqueiro Landín

Educativa:

M^a Concepción Pazo Ferreiro

Intervención Social:

M^a José Fares Varela

PTO:

M^a Concepción Prado Álvarez

Xurídica:

Antonia San Martín García

Coordinadora Comisión CIM:

Margarita de la Calle Bermejo

Coordinador Programa

Abrámo-lo Círculo:

Joaquín Prieto Flores

Coordinador P.A.P.M.V.X.D.:

Manuel Lopo Lago

REUNIÓN

- 9 de febreiro
- 15 de marzo
- 19 de abril
- 26 de xuño
- 13 de setembro
- 18 de outubro
- 8 de novembro



ACTIVIDADES

- a) **Participación nas mesas de traballo** para a elaboración do anteproxecto da Lei Integral contra a Violencia de Xénero.
- b) **Deseño dun plan reivindicativo** ás diferentes administracións públicas con accións concretas en referencia ao papel das/os psicólogas/os na sensibilización e intervención para contribuír á corrección da discriminación de xénero.
- c) **Creación dun observatorio** de prensa sobre igualdade e violencia de xénero.
- d) **Elaboración dun díptico** informativo sobre a Comisión Intersectorial de Xénero, que presenta a orixe, composición, obxectivos, actividades realizadas, planos de actuación e dinámica de traballo da Comisión.
- e) **Coordinación** das «Charlas sobre Saúde Mental e Coidado a Persoas Dependentes» en colaboración co Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia.
- f) **Organización do acto e redacción da declaracións institucionais** con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres
- g) **Asistencia da coordinadora da Comisión**, Concepción Fernández Fernández, á Xornada contra a Violencia de Xénero: Convivir en Igualdade, celebrada o día 25 de novembro en Córdoba organizada polo Consejo General de COP, e á que tamén acudiu a Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada.
- h) **Redeseño da información** que aparece na páxina web sobre a Comisión Intersectorial de Xénero, incluíndo os apartados: Obxectivos, actividades, lexislación, enlaces de interese, novidades, fondo de recursos, para pensar e ler.




5.4. COMISIÓN DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE

Coordinadora
M^a Dolores González Fernández
Eva García Quinteiro
Graciela Lois Río
M^a Carmen López Rodríguez
Rut Otero Triñanes
Julio Prol Bao
Mario Salvador Fernández
Delfina Vicente Santiago

ACTIVIDADES

- Elaboración dun tríptico informativo sobre a Comisión de Psicoloxía do Deporte e divulgación entre entidade públicas e privadas relacionadas co deporte.
- Participación da Coordinadora da Comisión, M^a Dolores González Fernández, nas «Xornadas de Psicoloxía Aplicada ao Deporte: O Exercicio Profesional» organizadas polo Consejo General de COP, celebradas en Valencia os días 20 e 21 de outubro.

REUNIÓN 2



6.

GRUPOS DE
TRABAJO6.1. GIPCE: GRUPO DE INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES
E EMERXENCIAS

REUNIÓN

- 24 de xaneiro
- 7 de marzo
- 18 de abril
- 23 de maio
- 13 de xuño
- 12 de xullo
- 21 de setembro
- 7 de novembro
- 14 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Coordinador

Miguel Anxo García Álvarez (ata o 14 de decembro)

Coordinadora

Ana Isabel Martínez Arranz (a partires do 14 de decembro)

Regla C. Dávila Caballero (ata o 14 de decembro)

Elixio Domarco Álvarez (ata o 7 de marzo)

José Luis Domínguez Rey

Alejandra Garralón Comesaña

Juan Luis González Pérez (a partires do 14 de decembro)

M^a José López Torró (a partires do 24 de xaneiro)

Antonio Pérez Atanes (a partires do 24 de xaneiro)

Ángela Ruíz Iglesias

Isabel Vázquez Prado

ACTIVIDADES

a) Actividades Formativas:

- II Xornadas de Traballo do GIPCE **Data:** 27 de maio / **Lugar:** Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, A Estrada
- Xornada de Traballo sobre Protocolos de Intervención **Data:** 7 de outubro / **Lugar:** Centro Cultural de Caixanova de Vigo
- Formación dos Grupos de Gardas para organizar o Grupo de Gardas do vindeiro ano. **Datas:** 24 de novembro e 16 de decembro / **Lugar:** sede do COPG

b) Documentación:

- Actualización da información da páxina web.
- Boletíns Informativos do GIPCE nos meses de marzo e agosto.
- Recompilación de documentos e actividades do GIPCE dende os seus inicios.
- Dossier «Crónica do Katrina. Notas de prensa para o presente».



- Dossier «Guía de Albergues Provisionais» da Cruz Vermella.

- Dossier «O metro de Valencia».

c) Elaboración de protocolos:

- de activación
- de centros de recepción de vítimas e afectados
- de tanatorios e centros de recepción de cadáveres
- de actuación en escenarios primarios.

d) Estruturación do Grupo das Gardas do GIPCE:

e) Mobilizacións e Intervencións

- O 11 de maio. Simulacro Trucha 2006: Simulacro dun accidente aéreo en Lavacolla.
- Os días 22 e 23 de xullo: Intervención no accidente de autobús de Oia.
- Prealerta interna do GIPCE debido á baga de lumes perante agosto.
- Os días 14 e 15 de agosto: Intervención cun bombeiro queimado en Oia.
- Os días 21 e 22 de agosto: Prealerta ante un accidente ferroviario en Palencia.
- O día 9 de novembro: Intervención no afundimento dun barco pesqueiro en Namibia.

f) Interrelación con outros grupos de profesionais das emerxencias.

O 18 de novembro a secretaria da Comisión Coordinadora participou na asemblea constitutiva da Asociación de Profesionais de Emerxencias de Galicia. Tamén entrou a formar parte da súa Xunta Directiva en representación do grupo de psicólogos/as.



6.3. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

REUNIÓN

- 24 de xuño
- 15 de xullo
- 23 de setembro
- 28 de outubro
- 25 de novembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Coordinadora:

Eva Muíño Gómez

Eduardo Anoeta Rodríguez

Pilar Casal Devesa

Rosa M^a Domínguez Cameán

Carlos Gestal Gestal

M^a Jesús Sánchez Peteiro

Noemí Vázquez de la Iglesia

ACTIVIDADES

- a) Organización e dinamización interna do grupo.
- b) Coordinación de tódolos/as psicólogos/as formadores para a intervención nos cursos do carné por puntos en colaboración cos centros de sensibilización.
- c) Contacto con 18 centros de sensibilización de Galicia que impartirán os cursos do carné por puntos.
- d) Elaboración de modelos tipo da sesión didáctica da intervención dos psicólogos/as nos cursos de recuperación de carné.
- e) Participación da coordinadora nas II Xornadas de Psicoloxía Valenciana do Tráfico e a Seguridade. Organizadas polo Consejo General de COP e celebradas en Valencia os días 10 e 11 de novembro.
- f) Participación no II Seminario permanente de Seguridade Pública «A seguridade do tráfico: riscos e respostas», 11 e 12 de decembro.
- g) Reunión da coordinadora do Grupo, Eva Muíño Gómez, con:
 - Directora da Subdelegación de Tráfico en Santiago o día 4 de xullo.
 - Director de Centro de Sensibilización da Coruña o 19 de xullo.
 - Representante do CNAE-Galicia o 28 de agosto.
 - Representante do RACC de Galicia o 4 de decembro.

6.2. GRUPO DE TRABAJO DOS PSICÓLOGOS DOS CIM

COMPOSICIÓN


Coordinadora:
Margarita de la Calle Bermejo
Mónica Duro Devesa
Elena González Cid
Valentín López Aira
Antonia San Martín García
José Manuel Valdivia Moreno

REUNIÓN

■ 15 de decembro

ACTIVIDADES

- a) Solicitude de formación específica ao Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia.
- b) Elaboración dun modelo de informe para os/as psicólogos/as dos CIM.
- c) Participación da Coordinadora do Grupo de Traballo na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.



7. PROGRAMAS DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA

7.1. PROGRAMA «ABRÁMO-LO CÍRCULO»

Coordinadores:

Víctor Manuel Torrado Oubiña (ata o 16 de xuño)

Manuel Lopo Lago (dende o 16 de xuño ata o 8 de setembro)

Joaquín Prieto Flores (a partir do 8 de setembro)

ACTIVIDADES

- a) **Impartición dun seminario** de casos clínicos da Sección de Psicología Clínica do COPG Data: 3 de xuño / Relator: Manuel Lopo Lago.
- b) **Curso** «O papel dos programas de intervención cos homes que exercen violencia de xénero desde o ámbito legal»
Data: 16 de decembro / Docente: Javier Rey, Fiscal delegado para temas de maltrato.
- c) **Medios de comunicación:** Atendéronse varias entrevistas para os medios de prensa escrita e audiovisual.
- d) **Participación do Coordinador do Programa** na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.
- e) **Intervención:**
 - Ao longo do ano admitíronse no programa 50 novos casos, ademais de manterse a atención de casos pertencentes a anos anteriores. No seu conxunto, no Programa «Abramos o círculo» leváronse este ano a cabo un total de 350 sesións de intervención psicolóxica.
 - Os casos novos neste ano relaciónanse de seguido segundo o lugar onde reciben atención:
 - Santiago, 11
 - A Coruña, 15
 - Vigo, 11
 - Ourense, 4
 - Pontedeume, 2
 - Vilagarcía, 3
 - Cambados, 4

7.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA

Coordinador:
Manuel Lopo Lago

ACTIVIDADES

a) Cursos, xornadas e conferencias impartidos:

- Ponencia nas «Xornadas Contra a Violencia de Xénero: Chove Sobre Mollado». Días 6, 7, 8 de abril / Organizadas polos Comités Abertos da Facultade. USC.
- Conferencia sobre violencia de xénero organizada polo CIM do Grove o 8 de novembro.
- Curso de formación sobre violencia de xénero organizado polo CIM de Cangas o 10 de novembro.
- Módulo: Perspectiva de xénero no traballo en violencia de xénero incluído no Curso para psicólogos/as contratados polo Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), o 27 de xullo.
- Conferencia organizada polo CIM de Marín: «Distintas caras dunha mesma moeda» o 22 de novembro.
- Ponencia nas Xornadas sobre violencia de xénero organizadas polos Servizos Sociais de Ribadavia o 24 de novembro.
- Ponencia nas Xornadas sobre violencia de xénero organizadas polo CIM de Ribeira o 29 de novembro.

b) Medios de comunicación:

- Atendéronse varias entrevistas para os medios de prensa escrita e audiovisual.

c) Participación do Coordinador do Programa na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.

d) Xornada de para as/os psicólogas/os do Programa e dos CIM

- **Data:** 2 de decembro
Ponentes: José Vicente Martínez-Romero Gandos, Rosario Pousa Torres, Juan Carlos Prados Moreno, Concepción Rodríguez Pérez.

8.**SERVIZO DE INTERVENCIÓN
EN PSICOLOXÍA FORENSE**

A Xunta de Goberno do COPG, na súa xuntanza do 8 de setembro, aprobou un novo Regulamento para o Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense. O principal fin deste Servizo é o nomeamento de peritos perante á Administración de Xustiza.

Durante o 2006 fixéronse 28 designación de peritos psicólogos/as para a realización de informes periciais solicitados por diferentes Xulgados.

9.

**BECA SIOTA DE
INVESTIGACIÓN EN PSICOLOXÍA****IV EDICIÓN DA BECA SIOTA****Composición do Comité Seleccionador desta edición:**

M^a Teresa Hermida Pérez
M^a Rosa Álvarez Prada
Luis Carlos Álvarez García
Elixio A. Domarco Álvarez
Carmen del Río Iglesias
Gloria Seoane Pesqueira

Reunión do Comité Seleccionador o 7 de febreiro para a avaliación final do proxecto premiado na IV Edición da Beca Siota, presentado por José Javier González Hermida, sobre a «Validación do instrumento SICT para a detección de demencia en poboación galega».

V EDICIÓN DA BECA SIOTA**Composición do Comité Seleccionador desta edición:**

M^a Rosa Álvarez Prada
Ana M^a Fieira Nogareda
Carlos Álvarez García
Rosa Cerqueiro Landín
Ana Jartín Abraira
Angel Antonio Otero Rodríguez
Gloria Seoane Pesqueira

Por acordo da Xunta de Goberno do 8 de setembro de 2006, convocouse a V Edición da Beca Siota.

Na súa xuntanza do 21 de decembro de 2006, o comité seleccionador da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía, acordou a adxudicación da mesma ao proxecto presentado por Raquel Gude Saíñas e Ricardo Fandiño Pascual baixo o título «A validación do perfil psicopatolóxico en adolescentes galegos usuarios de Centro Terapéutico de Menores de Reforma, ingresados ao amparo da LO.R.P.M. 5/2000: Relación entre psicopatoloxía adolescente, delincuencia e contexto socio-familiar».

10.

**REPRESENTACIÓN COLEXIAL
NOS CONSELLOS****ATA O 27 DE OUTUBRO****Consello Galego de Servizos Sociais**

M^a Teresa Hermida Pérez, Titular
Emilio Lesta Casal, Suplente

Consello Provincial de Servizos Sociais de A Coruña

M^a Jesús Calvo Camba, Titular
Juan Fernández Alberdi, Suplente

Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo

Isolina Rodríguez López, Titular
Julio González Morandeira, Suplente

Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense

Juan Luis Basanta Dopico, Titular
Francisca Martín Rodríguez, Suplente

Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra

Felisa Balboa Cardoso, Titular
Xosé Lois Cea Nogueira, Suplente

Consello Galego de Saúde

Mercedes Castro Bal, Titular
Xavier Sardiña Agra, Suplente

Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo

Xosé Lois Cea Nogueira, Titular
María Sierra Abraín, Suplente

Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo

Irene Esperón Rodríguez, Titular

**Consello Municipal de Saúde do
Concello de Santiago de Compostela**

M^a Rosa Álvarez Prada, Titular

Consello de Deporte de Galicia

M^a Dolores González Fernández, Titular

**Comisión Galega de Coordinación e Seguimento
da Actividade fronte a Infección por VIH/SIDA**

José M^a Failde Garrido, Titular

A PARTIRES DO 27 DE OUTUBRO

Consello Galego de Servizos Sociais

M^a Teresa Hermida Pérez, Titular
Encarna Álvarez Gallego, Suplente

Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña

Encarna Álvarez Gallego, Titular
M^a Ángeles Castro Díaz, Suplente

Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo

Isolina Rodríguez López, Titular
Julio González Morandeira, Suplente

Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense

José Antonio López Fontelo, Titular
Isabel Blanco Yáñez, Suplente

Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra

Felisa Balboa Cardoso, Titular
M^a Jesús Cejudo López, Suplente

Consello Galego de Saúde

Mercedes Castro Bal, Titular
Xavier Sardiña Agra, Suplente

Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo

Ana M^a Fieira Nogareda, Titular
María Sierra Abraín, Suplente

Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo

Irene Esperón Rodríguez, Titular

Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela

Concepción Rodríguez Pérez, Titular

Consello de Deporte de Galicia

M^a Dolores González Fernández, Titular

Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte a Infección por VIH/SIDA

José M^a Failde Garrido, Titular

11.

EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- A Decana do COPG, M^a Teresa Hermida Pérez acudiu o 26 de xaneiro ao pleno do Consello Galego de Servizos Sociais, no que se expuxeron as liñas de actuación da Secretaría Xeral do Benestar da Xunta de Galicia.
- A Secretaria do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu a unha reunión extraordinaria do Consello Municipal de Saúde do Consello de Santiago de Compostela na que se tratou entre outros temas sobre o Plan de Saúde, e que se celebrou o 15 de febreiro.
- A solicitude da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, M^a Concepción Prado Álvarez foi designada pola Xunta de Goberno para participar o 5 de maio no proceso selectivo do persoal do Centro Afectivo-Sexual «Quérote» de Santiago.
- A Decana do COPG, M^a Teresa Hermida Pérez, participou o 3 de marzo na Xornada Técnica sobre «A xestión dos servizos sociais: Os retos de futuro», na que se presentaron as grandes liñas do borrador da nova Lei de Servizos Sociais de Galicia.
- A Presidenta da Sección de Psicoloxía Clínica, Mercedes Castro Bal, acudiu á Sesión Constitutiva do Consello Galego de Saúde da Xunta de Galicia celebrada o 27 de marzo.
- No mes de abril Jorge Guerrero Pascual foi designado pola Xunta de Goberno para a participación nas probas selectivas para a provisión de Policía Locais no Concello de Allariz.
- Participación nas probas selectivas para a provisión de Policía Locais no concello de Silleda. A Xunta de Goberno nomeou a M^a Concepción Prado Álvarez e a Manuel Lopo Lago.
- O 5 de maio a Secretaria do Colexio, M^a Rosa Álvarez Prada, presentou a ponencia «Uns servizos sociais para o desenvolvemento» no marco da Mesa «A articulación dos servizos sociais municipais desde a perspectiva dos profesionais» no Congreso de Servizos Sociais Municipais na Coruña.
- O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carra-cedo, acudiu o 9 de xuño á conferencia-coloquio que impartiu na Facultade de Psicoloxía da USC o Presidente da Conferencia de Decanos de Psicoloxía, Jesús Gómez Amor, baixo o título «Os retos da Psicoloxía española para os vindeiros anos».



- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu a unha reunión do Consello Municipal de Saúde do Consello de Santiago de Compostela o 28 de xuño, e na que se tratou entre outros temas sobre o Plan de Saúde.
- Xavier Sardiña Agra, Secretario da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG acudiu o 29 de xuño, a unha sesión ordinaria do Consello Galego de Saúde da Xunta de Galicia, onde se desenvolveron entre outros temas, o Anteproxecto do Plan de Saúde de Galicia e o Anteproxecto da Lei de Saúde de Galicia.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada acudiu ao acto de presentación do Documento de Bases para unha nova Lei de Servizos Sociais, organizado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia o 6 de xullo.
- No mes de xullo a Xunta de Goberno do COPG designou a M^a Concepción Prado Álvarez e Eva Muño Gómez como expertas para asistir ao Tribunal Seleccionador para a cobertura dunha praza de axente da Policía Local no Concello Neda.
- M^a Teresa Hermida Pérez como representante do COPG no Consello Galego de Servizos Sociais, acudiu a un acto de presentación do Documento de Bases da nova Lei de Servizos Sociais, que tivo lugar na Secretaría Xeral do Benestar da Xunta de Galicia o día 20 de outubro.



- M^a Teresa Hermida Pérez acudiu á sesión ordinaria do Consello Galego de Servizos Sociais da Xunta de Galicia que tivo lugar o día 10 de novembro.
- Concepción Fernández Fernández, coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero, participou como ponente nunha xornada sobre conciliación e inclusión social celebradas en Santiago de Compostela, o 13 e 14 de novembro ao abeiro do Programa Berenguela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou o 16 de novembro na mesa de traballo coa temática «Promoción de hábitos saudables. Tabaco, alcohol outras drogas. Alimentación e actividade física», organizada pola Consellería de Sanidade e destinada a elaborar o Plan Integral de Atención á Saúde da Muller.
- M^a Rosa Álvarez Prada, Decana do COPG, e Concepción Fernández Fernández, Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero, xunto con representantes do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e do Consello da Avogacía Galega participaron o 22 de novembro na Mesa Redonda «Eliminar a violencia contra as mulleres: Un compromiso profesional» onde expresaron a solidariedade das súas respectivas organizacións e emitiron unha declaración institucional conxunta manifestando o seu firme rexeitamento das condutas que supoñan calquera tipo de violencia cara á muller así como dos condicionantes sociais que subxacen a esta violencia.
- A Decana do COPG acudiu á xornada de presentación e debate do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información, organizada pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia o 29 de novembro, en calidade de integrante da mesa de traballo «Cidadáns e identidade cultural na sociedade da información» centrada nas estratexias operativas: interopeabilidade, seguridade e coñecemento aberto; contidos e servizos; inclusión e sustentabilidade; instrumentos para a xestión das políticas públicas da sociedade da información.
- José Martínez-Romero Gandos, membro da Comisión Intersectorial de Inmigración do COPG, participou como ponente na mesa redonda «A diversidade cultural: vivir convivindo» nas Xornadas de Inmigración e Comunicación organizadas pola Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia, celebradas en Santiago de Compostela os días 12, 13 e 14 de decembro.
- Mercedes Castro Bal, Presidenta da Sección de Psicoloxía Clínica, acudiu a unha sesión ordinaria do Consello Galego de Saúde da Xunta da Galicia celebrada o 20 de decembro.

12.

RELACIÓNS E COLABORACIÓNS INSTITUCIONAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

O 27 de febreiro M^a Teresa Hermida Pérez, Decana, e Mercedes Castro Bal, Presidenta da Sección de Psicoloxía Clínica, mantiveron unha reunión coa Conselleira de Sanidade. Trataron sobre a situación laboral dos psicólogos que desempeñan a súa labor profesional tanto no ámbito público como privado e sobre o Plan de Saúde Mental da Consellería para os próximos anos.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada e a Presidenta da Sección de Clínica, Mercedes Castro Bal, mantiveron o 14 de xuño unha reunión co Subdirector Xeral de Saúde Mental e Drogas do SERGAS, Víctor Pedreira Crespo. Co fin de coñecer o Plan Estratéxico de Saúde Mental 2005-2008.

Desde o COPG presentáronse as alegacións ao Anteproxecto de Lei de Saúde Pública de Galicia.

O COPG presentou alegacións ao borrador da «Orde pola que se regula a acreditación de programas de prevención de consumo de drogas e se constitúe o comité técnico de prevención de drogodependencias».

CONSELLERÍA DE EDUCACION E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, xunto coa Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Olegaria Mosqueda Bueno, mantiveron o 26 de abril unha xuntanza coa Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, M^a José Pérez Mariño. Alí plantexouse a necesidade de cambios na orientación educativa para unha maior eficacia e calidade.

VICEPRESIDENCIA – SECRETARÍA XERAL DO BENESTAR SOCIAL

A Decana do COPG, M^a Teresa Hermida Pérez, acompañada pola Secretaria do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantiveron unha reunión co Vicepresidente da Xunta de Galicia e coa Secretaria Xeral do Benestar o 3 de abril. Tratouse sobre a situación laboral dos/as Psicólogos/as no ámbito dos Servizos Sociais.

A Decana do COPG, M^a Teresa Hermida Pérez, xunto coa Presidenta e a Tesoureira da Sección de Psicoloxía da Intervención Social mantiveron o 30



de maio unha xuntanza coa Secretaría Xeral do Benestar, onde se falou da atención á dependencia e da situación dos/as psicólogos/as no ámbito dos servizos sociais, demandando a creación de novos postos de traballo.

M^a Rosa Álvarez Prada, Decana do COPG acompañada por Encarna Álvarez Gallego, Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, mantiveron o 2 de novembro unha xuntanza con M^a Jesús Lago Vilaboa, Secretaria Xeral do Benestar. Trataron sobre as aportacións que presentará o Colexio ao Documento de Bases para a Reforma da Lei de Servizos Sociais e ao Mapa Galego de Servizos Sociais.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo unha xuntanza co Subdirector Xeral de Menores da Xunta de Galicia, Alberto Tizón Martín o día 21 de decembro, para analizar a posibilidade colaboración entre as dúas institución en materia de adopcións internacionais.

O COPG presentou alegacións ao Documento de Bases da nova Lei de Servizos Sociais e ao Anteproxecto da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

VICEPRESIDENCIA – SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

M^a Teresa Hermida Pérez, Decana do COPG xunto cos Coordinadores dos programas de Atención Psicolóxica que o Colexio ten conveniados co Servizo Galego de Igualdade, mantiveron unha xuntanza o día 22 de marzo coa Directora do SGI co fin de negociar o convenio para o ano 2006, en relación ao programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero e ao programa «Abrámo-lo Círculo».

Renovouse o Convenio de Colaboración co Servizo Galego de Igualdade para a atención psicolóxica de homes con problemas de control e violencia no ámbito familiar (Programa Abrámo-lo Círculo) e para a atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia doméstica. Ampliase este ano a atención psicolóxica a menores e outras persoas dependentes das mulleres vítimas de violencia de xénero que estamos atendendo e que teñan pasado pola mesma situación.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto con representantes do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social de Galicia e da Asociación de Educador@s Familiares de Galicia, mantiveron o 30 de xuño unha xuntanza coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. Trátáronse aspectos da Orde pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de programas de educación familiar polas corporacións locais de Galicia.

M^a Rosa Álvarez Prada, Decana do COPG, mantivo o día 20 de setembro unha xuntanza coa Secretaría Xeral de Igualdade, Carme Adán Villamarín, e a Subdirectora de Violencia de Xénero, M^a Belén Liste Lázara, para analizar e afondar na situación en que se atopan os puntos de encontro en Galicia e expresar a necesidade de regular estes servizos.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada por Concepción Fernández Fernández, Coordinadora da Comisión de Xénero do Colexio, mantiveron o 25 de setembro unha xuntanza con Ana Luisa Bouza Santiago, Directora do Servizo Galego de Igualdade. Entre outros temas abordouse a colaboración do COPG no programa de accións formativas promovidas polo SGI.

A Decana do COPG, acompañada de Manuel Lopo Lago, coordinador do programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia doméstica ou de xénero, acudiron o día 18 de decembro a unha xuntanza coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, Carme Adán Villamarín, e coa Directora do Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia, Ana Luisa Bouza Santiago. Alí se revisaron as condicións do convenio que regulará dito programa de atención psicolóxica en 2007.

O COPG, en colaboración co Servizo Galego de Igualdade, impartiu durante os meses de outubro, novembro e decembro unha serie de charlas sobre Saúde Mental e Coidado de Persoas Dependentes, dedicadas especialmente a mulleres do ámbito rural, nos Concellos de A Capela, Cerceda, Castroverde, Monterrei, Crecente e Pazos de Borbén.

O COPG presentou as alegacións ao Anteproxecto de Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero e ao Acordo Galego polo Fomento da Responsabilidade Social na Empresa:

O Compromiso coa Igualdade e co Benestar.

PRESIDENCIA – SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN

Hipólito Puente Carracedo, Vicedecano do COPG e coordinador da Comisión Intersectorial de Inmigración do COPG acompañado de José Martínez-Romero Gandos, membro da citada Comisión, mantiveron o 19 de decembro unha entrevista co Secretario Xeral de Emigración, Manuel Luis Rodríguez González, co obxectivo de presentar o traballo da Comisión e favorecer liñas de actuación conxuntas entre ámbalas dúas institucións.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA – DIRECCIÓN XERAL DE PROTECCIÓN CIVIL

M^a Teresa Hermida Pérez, Decana do COPG, e o Coordinador do GIPCE, Miguel Anxo García Álvarez, mantiveron unha reunión o día 2 de marzo con técnicos da Dirección Xeral de Protección Civil co obxecto de plantexar propostas de mellora para o convenio do ano 2006.

Renovouse coa Dirección Xeral de Protección Civil o convenio de colaboración en materia de Protección Civil para o exercicio 2006.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA – DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

M^a Teresa Hermida Pérez, Decana do COPG, mantivo o 16 de marzo, unha reunión co Director Xeral de Xustiza, Santiago Roura Gómez. Tratouse da necesidade de mellorar e regularizar o cobro de honorarios por parte dos/as profesionais que realizan peritacións psicolóxicas perante a Administración de Xustiza, da posta en marcha do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Demandouse a posta en funcionamento das Oficinas de atención a Vítimas e a creación de novas prazas de Psicólogos/as en órganos xudiciais.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada e o Tesoureiro do COPG, Miguel Chouza Ponte, acudiron a unha xuntanza co Director Xeral de Xustiza, Julio Iglesias Redondo, celebrada o día 20 de xullo e onde se analizou a posibilidade de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o COPG para a prestación de asistencia pericial á Administración de Xustiza.

M^a Rosa Álvarez Prada, Decana do COPG, acompañada do Presidente da Sección de Psicoloxía Xurídica, Ramón Arce Fernández e do Tesoureiro da Xunta de Goberno, Miguel Angel Chouza Ponte, tiveron o 27 de setembro unha entrevista co Director Xeral de Xustiza, Julio Iglesias Redondo, para seguir negociando a colaboración entre o Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a prestación de asistencia pericial psicolóxica á Administración de Xustiza.

CONSELLERÍA DE CULTURA – DIRECCIÓN XERAL PARA O DEPORTE

A Decana do Colexio, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Coordinadora da Comisión de Deporte do Colexio, M^a Dolores González Fernández, mantiveron o día 12 de setembro unha reunión co Asesor da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Xosé Antón Fernández Rojo, co obxectivo de presentar o traballo da Comisión e favorecer liñas de actuación conxuntas. Para elo acordouse elaborar un protocolo de colaboración no que se recollan, entre outras, a posibilidade de realizar cursos de formación para adestradores e técnicos deportivos, a divulgación do rol do/a psicólogo/a do deporte e a recomendación de contratar a psicólogos/as especialistas na área.

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

O pasado día 18 de xullo a Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantiveron unha xuntanza co Delegado do Goberno en Galicia para trasladarlle as preocupacións do colectivo de psicólogos e psicólogas con respecto ao sistema do carné por puntos. O Delegado manifestou o seu compromiso de trasladar as nosas preocupacións ao coordinador das Xefaturas Provinciais de Tráfico.

XEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO DA CORUÑA

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantiveron unha entrevista o 22 de setembro co Xefe Provincial de Tráfico e Coordinador das catro provincias, Pedro Pastor del Castillo, co obxecto de trasladarlle as inxedanzas do noso colectivo en canto á posta en práctica do sistema de recuperación do carné por puntos e o escaso papel que se lle permite realizar ao psicólogo/a. O Xefe Provincial de Tráfico comprometeuse a trasladar ao Ministerio do Interior as nosas reivindicacións.

FACULTADE DE PSICOLOXÍA DA USC

Prorrogouse o convenio de colaboración que a USC e o COPG para o acceso dos colexiados/as aos fondos bibliográficos e documentación científica da Facultade de Psicoloxía.

A Decana do COPG, M^a Teresa Hermida Pérez, participou o 24 de febreiro nos actos de celebración da festividade de Huarte de San Juan, patrón da Facultade de Psicoloxía.

O 25 de abril varios membros da Xunta de Goberno do Colexio celebraron unha sesión informativa sobre saídas profesionais cos estudantes da Facultade de Psicoloxía da USC.

O COPG foi invitado a formar parte dos Grupos de traballo encargados de elaborar unha proposta de Programa Oficial de Posgrao en Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela de cara á convocatoria do curso 2007/2008. Trátase de deseñar unha oferta de estudos posgraduados, de carácter oficial que incluíra catro títulos master coincidentes coas áreas de clínica, educación intervención social e traballo e organizacións.

O COPG designou como representantes nestes grupos a:

- Psicoloxía Clínica: M^a Isabel, Pereira Calviño, Delia Guitián Rodríguez e Xavier Sardiña Agra.
- Psicoloxía Educativa: Olegaria Mosqueda Bueno e José Manuel Pazos Riveiro.
- Psicoloxía da Intervención Social: Encarna Álvarez Gallego e David Facal Mayo.
- Psicoloxía do Traballo e das Organizacións: M^a Concepción Prado Álvarez e José Manuel Campal Fernández.

O COPG E O CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS

13. OFICIALES DE PSICÓLOGOS

- Revista Psychology in Spain. Elixio Domarco Álvarez forma parte do seu Consello Editorial e José Manuel Sabucedo Cameselle, Miguel Pérez Pereira, Jorge Sobral Fernández e José Luis Domínguez Rey, do Consello Asesor.
- Revista INFOCOP. José Luis Domínguez Rey é o seu correspondente en Galicia.
- Revista Papeles del Psicólogo. Fernando Díaz Albo, Alfredo Fornos Pérez, Miguel Anxo García Álvarez e Aquilino Lousa son membros do seu Consello Asesor.
- Comité Colexial do Certificado Europeo de Psicología – EuroPsy. Hipólito Puente Carracedo, Vicedecano do COPG, incorpórase como membro deste Comité a partires do 1 de xullo.
- M^a Teresa Hermida Pérez e M^a Rosa Álvarez Prada participaron no V Congreso Iberoamericano de Psicología, celebrado en Veracruz (México) do 17 ao 19 de maio, onde presentaron a ponencia «Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia Doméstica e de Xénero».

Reunións da Junta General do Consejo General de COP

- **Data: 18 de febreiro**
Representante do COPG: M^a Teresa Hermida Pérez, Decana
- **Data: 22 de abril (Barcelona)**
Representante do COPG: M^a Teresa Hermida Pérez, Decana
- **Data: 1 de xullo**
Representante do COPG: M^a Rosa Álvarez Prada, Decana
- **Data: 21 de outubro**
Representante do COPG: M^a Rosa Álvarez Prada, Decana
- **Data: 16 de decembro**
Representante do COPG: M^a Rosa Álvarez Prada, Decana

Reunións da Junta de Gobierno do Consejo General de COP

- **Data: 15 de decembro**
Representante do COPG: M^a Rosa Álvarez Prada, Decana

Reunión de Presidentes/as de Comisiones Deontológicas dos COP

- **Data: 12 e 13 de maio (Sevilla)**
Representante do COPG: Elixio Domarco Álvarez,
Presidente da Comisión Deontolóxica
- **Data: 21 de outubro (Barcelona)**
Representante do COPG: Elixio Domarco Álvarez,
Presidente da Comisión Deontolóxica

Reunión da Área de Psicoloxía e Igualdade de Xénero

- **Data: 28 de xaneiro**
Representante do COPG: M^a Rosa Álvarez Prada, Secretaria
- **Data: 10 de xuño**
Representante do COPG: M^a Rosa Álvarez Prada, Decana
- **Data: 24 de novembro (Córdoba)**
Representante do COPG: Concepción Fernández Fernández,
coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG

Reunión da Área de Emerxencias e Catástrofes

- **Data: 8 de xullo**
Representante do COPG: Ana Isabel Martínez Arranz,
Secretaria do GIPCE

Reunión da Área de Psicoterapia

- **Data: 29 e 30 setembro**
Representante do COPG: Juan M. Daponte Codina,
Vocal da Xunta de Goberno

Reunión de Secretarios de Xuntas de Goberno

- **Data: 29 e 30 de setembro**
Representante do COPG: Ana M^a Fieira Nogareda, Secretaria

Reunión da Área de Psicoloxía Clínica

- **Data: 6 e 7 de outubro**
Representante do COPG: Mercedes Castro Bal e Delia Guitián
Rodríguez, Presidenta e Vocal respectivamente da Sección de
Psicoloxía Clínica

Reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade

- **Data: 10 de novembro**
Representante do COPG: Eva Muíño Gómez, coordinadora
do Grupo de Traballo sobre Tráfico e Seguridade Viaria

Reunión da Área de Psicoloxía Xurídica

■ **Data: 2 de decembro**

Representante do COPG:

Ramón Arce Fernández, Presidente da Sección de Psicoloxía Xurídica

- O pasado día 16 de decembro de 2006, culminou o proceso electoral levado a cabo no Consejo General de COP coa celebración da Junta General do mesmo, na que se proclamou ao Presidente do Consejo e se ratificou aos membros da Junta de Gobierno designados polo Presidente.
- O Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia remitiu ao Consejo General de Colegios de Psicólogos a súa valoración sobre o Real Decreto polo que se establece a Carteira de Servizos Comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización.
- O COPG presentou no Consejo General de COP, alegacións ao documento Proposta de Estratexia en Saúde Mental do Sistema Nacional de Saúde 2006, elaborado polo Ministerio de Sanidade e Consumo.

14. PUBLICACIÓNS



CIRCULAR INFORMATIVA

Publicáronse 6 números (nº 198 a nº 203).

A Circular, de edición bimensual, inclúe regularmente os seguintes apartados: Información xeral, información das Seccións, información das Comisións e Grupos de Traballo, cursos, xornadas e congresos, código deontolóxico, revista de prensa, avisos, anuncios, publicidade concertada, bolsas e axudas, publicacións recibidas, atención aos colexiados/as e servizos colexiais.

MEMORIA DO EXERCICIO 2005

Aprobada na Xunta Xeral do COPG de 1 de xuño de 2006.

CADERNOS DE PSICOLOXÍA

Consello de Redacción (Ata 16 de xuño de 2006)

Director:

José Ortuño Vilurbina

Carmen Ariza Tejeda

Manuel Alberto Juncal Gil

Teresa Palau Graus

Nadia Peláez Rodelgo

Publicación do nº 2: «Deporte e actividade física».

Xaneiro de 2006.

Tirada 2.500 exemplares.



Consello de Redacción (A partires do 8 de setembro de 2006)

Director:

Xosé Lois Cea Nogueira

Felisa Balboa Cardoso

M^a Loreto Diéguez Estevez

Rocío García Calvo

Alejandra Garralón Comesaña

Julio González Morandeira

Xabier Macías Virgós

José Manuel Oreiro Blanco

Carmen del Río Iglesias

José Manuel Sabucedo Cameselle

Miguel Suárez Abel

PÁXINA WEB

www.copgalicia.es



15. MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Enviáronse aos medios de comunicación tanto de prensa escrita como audiovisual, as seguintes notas de prensa:

- «Eleccións no Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia». 9 de maio.
- «Toma posesión da nova xunta de goberno do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia». 8 de xuño.
- «O novo sistema do carné de conducir por puntos». 30 de xuño.
- «A nosa Comunidade en risco psicosocial (a baga de lumes)». 11 de agosto.
- «Os incendios e os incendiarios». 22 de setembro.
- «Os psicólogos clínicos no SERGAS». 27 de outubro.
- «Charlas sobre saúde mental e coidado de persoas dependentes». 7 de novembro.
- «XII Xornadas Galegas de Psicoloxía Clínica e Xornadas da Sección de Psicoloxía Xurídica». 16 de novembro.
- «Eliminar a violencia contra as mulleres: Un compromiso profesional. Declaración institucional conxunta das organizacións profesionais da Avogacía, a Psicoloxía e o Xornalismo de Galicia». 22 de novembro.
- «Declaración institucional do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres». 24 de novembro.
- «Reflexións sobre o xogo e os xoguetes nestas datas». 19 de decembro.

16.

SERVIZOS COLEXIAIS

Asesorías

- Servizo gratuíto de consulta para colexiados/as.
- Servizo de Asesoría Xurídica desempeñado polo avogado Pedro Trepas Silva, o número de consultas realizadas foi de 81 casos.
- Servizo de Asesoría Fiscal desempeñado polo economista José Luis Iglesias Sexto, o número de consultas foi de 50 casos.

Servicio de información laboral

Información na páxina web do COPG e no contestador sobre postos de traballo para psicólogos/as.

Internet

Conta de correo electrónico co servidor do Colexio a aqueles colexiados/as que o soliciten e posibilidade de «aloxamento» de páxinas WEB dos colexiados/as no servidor do Colexio Oficial de Psicólogos.

Fondo documental / Biblioteca

Servizo de Biblioteca e fondo documental na Facultade de Psicoloxía para o acceso dos colexiados/as do COPG aos fondos documentais.

Correduría de seguros Broker's 88 S.A.

O Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia e a Correduría de Seguros Broker's 88 S.A. asinaron un acordo de colaboración para dar servizo, na área de seguros aos seus colexiados, coas mellores e máis solventes compañías, con prezos e condicións especiais para o psicólogo/a colexiado/a.

Axencia de viaxes

Desconto do 5% na Axencia Ciberviaxes en Viaxes de vacacións.

Banco Santander Central Hispano

O Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia e o Banco Santander Central Hispano asinaron un acordo de colaboración para ofrecer a tódolos/as colexiados/as condicións vantaxosas en créditos e hipotecas, entre outros.

Aparato Administrativo do COPG

Eduardo Limés Castro, Administrativo.

M^a Teresa Santamónica Fernández, Administrativa.

Raquel Martínez Mosquera, Administrativa.



MEMORIA 2006

Aprobada en Xunta Xeral
o 29 de maio de 2007